

## O de Rodribico foi moito


Manuel Guisande (escrito o 6 de Agosto de 2010 ás 17:15 h.)


Como se adoita dicir cando alguén asistiu a un acto no que el non estivo, neste caso á presentación dos contos de Rodribico na Coruña... «cóntamo todo, con-ta-mo-to-do». Pois todo todo, máis ou menos, voucho relatar porque por momentos vivín inmerso na ciencia-ficción.

E ese «todo» empezou hai varias semanas, cando os meus colegas de radio, televisión e prensa me asolagaron materialmente con chamadas para que non me preocupase, que lle darían publicidade ao asunto este do paxariño, que para iso están os amigos. E que se lle deron publicidade; dun día para outro atopeime saíndo polas ondas hercianas, recibindo máis chamadas que Obama e os meus veciños da aldea, como se estivésemos en guerra, conectando a radio e buscando o dial un día nunha emisora e outro noutra para dar co inimigo; ou sexa eu.

Pero claro, un, o asunto de escribir lévao ben; o da radio supereino; a TV é un marrón e o de falar en público... a miña cruz. E é raro, porque non entendo co extravertido que son como me bloqueo, pero para animarme dicíame: «Isto é o primeiro paso cara ao Nobel». Deus, que nobre son e, sobre todo, que parvo. Cinco libriños e xa con estes aires, que con apenas 70 quilos un ventíño me desnoca sen caer ao chan.

Total, que alá fun á presentación fumando centos de cigarros, mascando o filtro como se fose goma de mascar, botando fume polas orellas como unha vaporeta, con suores sen ter frío, con calafríos sen ter calor, tremente sen ter párkinson e en branco sen ter alzhéimer. E por momentos non sabía moi ben se ía presentar un libro ou me retrotraera no tempo coa historia esa da memoria histórica e ía directo pero directo ao paredón.





A medida que me achegaba á carpa onde tiña que falar notaba as pisadas, como a miña muller a síux me agarraba da man e tiraba de min como cando con 3 anos me levaban ao *cole*, e mesmo houbo momentos que levitei e descubrín que nun minuto andas a tira porque nun plis plas xa estaba na carpa.


E ao chegar, en segundos, amigos que me saúdan, outras persoas que me felicitan e outros que me miran. E eu alí, só ante o perigo, porque aínda que esteas con quen sexa, realmente estás ti só, solíño, pero que moi solíño. E como son galego e isto da

soidade levámolo moi mal, cos meus olliños e a mente perdida miraba ao infinito mentres tres cadeas de televisión me ían inmortalizar, e nunca mellor dito porque estaba a piques de pateala alí mesmo e converter Rodribico nun *best seller* a título póstumo, pero *best seller* porque morría, non por outra cousa, claro.

E xa vía eu ao día seguinte unha marea de mozos contratados pola editorial en plan anos vinte percorrendo as rúas de España gritando libro en man: «Compre, compre!!! Os contos do único autor que morreu na presentación!!!, compre compre!!!! E co libro, a gravación da única palabra que pronunciou. Compre compre!!!». E como din que hai moita envexa, pois os da competencia xornalística en grandes titulares: «O imbécil de Guisande morre ao presentar un conto impresentable».

E como os xornalistas somos así, pois a CBS, outro tanto: «O español que morreu ao presentar o libro, casado cunha de Ohio». E como o mundo é un disparate e hai moito político aproveitado, pois: «Creada unha comisión do Ministerio de Educación para estudar a obra do defunto Manuel Guisande», e logo... «o presidente da comisión dimite polo traballo ímprobo e pide que se aumente en 5.000 máis os seus axudantes, que os 2.779 que ten non lle chegan».

E entón amplían a Facultade de Historia para acoller a obra do finado Manuel Guisande e ... «Dous obreiros mortos ao caer dunha estada na construción da ampliación mentres lían as aventuras de Rodribico» e, aproveitando tal lutuoso acontecemento e conxuntura, un tal Afgerson Green que publica o libro: *Manuel Guisande, o escritor maldito*. E... e nestes calados en interminables soliloquios achábame inmerso cando escoitei: «E agora cedo a palabra a Manuel Guisande».



E xúrocho que estiven por dicirlle: «Non home, non; por Deus, quédesse vostede con ela bo home, que seguro que vostede...». E falei un pouquiño, o xustiño; para despois, xunto con Xosé Tomás (un xenio da ilustración), ler un conto e que el fose facendo os debuxos sobre un taboleiro.

Así que para animar os nenos, para que visen como se crean os personaxes, fixemos que se achegasen á mesa presidencial, que sentasen no chan e expliqueilles que para empezar a escribir un conto hai que ter como mínimo unha idea. Entón cunha pequeniña lanterna que levaba oculta na man, púxenme coa cabeza baixa en actitude pensativa e, ao acender a luz, produciuse un balbordo dos nenos dicindo: «A idea, a idea!!!!»; pero para que visen que non sempre o primeiro que se che vén á mente é o bo, a luz foise apagando de forma intermitente mentres vía os seus olliños e a boca aberta.

Así que lles comentei que tiña que volver pensar e... de súpeto.... A luz!!!! E foi ver os nenos a luz e de novo un balbordo que non vexas: «A idea, a idea, a idea!!!!». E tras acabar o conto... a asinar os libros, e foron tantos os que asinamos que, ademais de esgotarse todos os que había na Feira (uns 300), tivemos que abandonar a carpa onde se fixo a presentación e facer as dedicatorias nos bancos dos xardíns para deixar a instalación ao seguinte escritor... e, así, queridos amiguiños, como o que presentei foron contiños... colorín coloradiño este artigo está acabadiño. Grazas.

En Blog de *La Voz de Galicia*: «Ao fondo á dereita».